

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE MAIO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de maio de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luís Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística municipal para rehabilitación do IES Lucus Augusti, consistente en obras de conservación e mantemento do uso existente, sito na avda. Rodríguez Mourelo (exp. 2023/Y001/000292).

2. URBANISMO.- Acórdase a declaración dunha "Contorna residencial de Rehabilitación Programada (ERRP) nos barrios de a Milagrosa e Feijoo na cidade de Lugo".

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a modificación do prezo do contrato pola detracción de vehículo e devolución da parte proporcional do prezo ofertado no procedemento de licitación para o alleamento de vehículos retirados da vía pública sitos no depósito municipal (exp. ref. 2024-C005-000002).

Tamén se acorda a modificación do regulamento do fondo de capital risco participado polo concello de lugo: lugo transforma na contratación dun servizo de intermediación financeira e de xestión dun fondo de capital risco participado polo concello de lugo (exp. ref. 2020/C003/000080).

Así mesmo, acórdase a prórroga do contrato dende o 26/05/2024 ao 25/05/2025 na contratación da subministración de medallas e trofeos para a Concellería de Deportes do Concello de Lugo (exp. ref. 2022-C004-000001).

Acórdase a delegación de competencias no Tenente de Alcaldesa-delegado

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3205932218534847429.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-5-2024

da Área de Xestión Integral de Recursos Internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación da obra de abastecemento de auga na parroquia de pás (primeira fase) incluída no Plan Provincial de Obras e servizos 2023.

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar un Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o diario el progreso co obxecto de colaborar nos gastos derivados pola celebración do VI medio maratón cidade de Lugo ano 2024.

Tamén se acorda aprobar o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o Club marcha nórdica nordic walking Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados do terras do Miño ano 2024.

Acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do convenio entre o Concello de Lugo e a Entidade Luís Villamide, S.L.U. para a realización do Arde Lucas 2024.

Así mesmo, acórdase aprobar o texto e proceder á sinatura do Convenio entre o Concello de Lugo e a Entidade Leche Río, S.A. para a realización do Arde Lucas 2024.

Tamén se acorda o convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o Club Piña Team co obxecto de colaborar nos gastos derivados do evento Campeonato de Galicia neoprofesional de boxeo.

5. PERSOAL.- Acórdase aprobar as bases específicas para a cobertura en propiedade dunha praza de encargado/a (brigada de vías e obras) pertencente ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2), en quenda de promoción interna (OEP 2022).

Tamén se acorda o compromiso de incorporación de unha praza de enxeñeiro/a técnico/a agrícola na próxima oferta de emprego público para o ano 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA

6. MEDIO AMBIENTE.- Acórdase a terceira convocatoria hortos urbanos. aprobación da listaxe definitiva e adxudicación de autorizacións habilitantes para a ocupación e uso dos hortos urbanos municipais situados no parque de paxariños. ano 2024.

Fóra da orde do día

- Acórdase aprobar o expediente de desingación da Excma. Alcaldesa-Presidenta como representante do Excmo. Concello de Lugo, e do Interventor Xeral Municipal, en calidade de observador para a asistencia da Alcaldía, no Comité de Investimentos do Fondo de Capital Riesgo Participado Lugo Transforma, na contratación dun servizo de intermediación financeira e de xestión dun fondo de capital riesgo participado polo Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.